



NORMAS XERAIS

ACTAS – Ambos equipos deberán ir provistos dos correspondentes xogos de actas. O equipo que figura como local as poñera a disposición do equipo arbitral. Deberá estar cuberta a hora de inicio do encontro.

BALONS – Ambos equipos deberán vir provistos dos balóns que estimen necesarios para o seu propios exercicios de quecemento. O equipo arbitral elixirá o balón de xogo entre o total de balóns presentados por ambos equipos.

PUNTUALIDADE – Ambos equipos deberán estar listos para xogar no máis tarde de 5 minutos despois da hora fixada como de inicio do xogo. O equipo arbitral poderá decretar a suspensión do encontro si algún ou ambos equipos non o cumpren. Informando de que equipo incumpliu a norma.

ANOTADOR – O equipo que figura como local deberá vir acompañado dunha persoa que faga as funcións de anotador e cronometrador.

SUSPENSIONES – Os partidos suspendidos xogaranse nas datas reservadas ó efecto ou nos descansos da competición.

APRAZAMENTOS – Ningún partido é susceptible de aprazamento salvo causa de forza maior (enfermidade ou sinistro). Non son causas de forza maior (festas, comunións, excursións, actividades do colexio ou clube e similares).

Os partidos aprazados deberán disputarse en canchas e horarios de xogo fora dos habituais da competición. Ambos equipos deberán fixar data e cancha para a celebración do encontro antes do final da primeira volta da competición. En caso contrario darase como perdedor ó equipo que solicitou o aprazamento.

A Competición reserva datas ó efecto e descansos de competición.

CAMBIOS DE HORA – Os horarios se enviarán coa suficiente antelación para prever algún problema puntual nos horarios asignados. A confirmación dos horarios asignados se fará o luns previo a xornada. O cambio de horario e unha medida excepcional por un problema puntual.

NON PRESENCIA ARBITRAL – No caso de o equipo arbitral non se presentará o partido designado os equipos presentes deberán utilizar todos os medios o seu alcance para a celebración do encontro.

USO DAS INSTALACIÓNS – Todos os equipos e árbitros deberán colaborar na preparación da instalación para a práctica do deporte de baloncesto.

Os equipos e árbitros dos partidos designados a primeira hora colaborarán na montaxe da instalación.

Os equipos e árbitros dos partidos designados a última hora colaborarán na desmontaxe da instalación.

Os banquiños deberán permanecer limpos e en orden entre partidos, non admitíndose que se abandonan recipientes de bebidas ou similares.

COMUNICACIÓN DE RESULTADOS – Os resultados deberán comunicarse antes das 11:00 h. do luns seguinte á xornada ó seguinte enderezo de correo electrónico delegacioncoruna@fegaba.com., para a súa actualización na páxina web e na prensa.

CLASIFICACIONES E CALENDARIOS – Poderán observarse e imprimirse na páxina web oficial:

<http://www.fegaba.com/delegacions/?id=24&delegacion-corunesa>

RECOMENDACIONES – Os partidos deberán adaptarse ás normas e regulamentos oficiais. Os descansos entre cuartos son de 1 min. e o descanso de medio partido é de 5 min.

É responsabilidade de todos axilizar os encontros para que finalicen no tempo asignado e non perxudiquen os partidos posteriores.

FEDERACIÓN GALEGA
DE BALONCESTO